

OS VERBOS

1. Le este fragmento do libro *Harry Potter e o cáliz de lume* e fíxate nos verbos destacados.

Harry **estaba** estirado barriga para arriba e **respiraba** con dificultade, coma se estivese correndo. **Espertou** dun pesadelo coa cara entre as mans. A cicatriz que **tiña** na fronte en forma de raio queimáballe baixo os dedos coma se alguén lle acabase de cravar un ferro a lume vivo.

Incorporouse cunha man na cicatriz e coa outra **buscou** ás apalpadelas as súas lentes, que **estaban** na mesa de noite. Púxoas e o cuarto enfocouse, iluminado por unha luz laranxa débil e borrosas que se **filtraba** polas cortinas desde a rúa.

J.K. Rowling, *Harry Potter e o cáliz de lume*.



— En que tempo están os verbos destacados? _____

2. Sigue a mesma serie para o resto dos verbos:

respiraba → respiro → respirarei

tiña → _____ → _____

queimaba → _____ → _____

acababa → _____ → _____

estaban → _____ → _____

filtraba → _____ → _____

3. Completa esta conversa coa forma correcta dos verbos entre parénteses:

—Ola, Montse! Como _____ (estar)?

—Bos días, Luís. Que sorpresa! Eu _____ (estar) ben, e ti? _____ (pensar) que xa marcharas de vacacións.

—Si! Xa _____ (volver). E _____ (pasar) moi ben!

—Por que non _____ (vir) ao parque comigo e así _____ (contar) todo?

—Vale! Mañá _____ (ir) andar en bicicleta con Pedro. _____ (querer) vir connosco?

—Claro!

